



## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 3 de febreiro de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais que xulgan o proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, relativos á baremación provisional da fase de concurso.*

O número 5 da base sexta B) das diversas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro) polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, dispón que, realizada polo tribunal a baremación correspondente da fase de concurso, esta se publicará no *Diario Oficial de Galicia* con indicación da puntuación obtida por epígrafes, así como a valoración total da fase de concurso, para os efectos de que os aspiran-

tes que o consideren oportuno poidan presentar reclamación ante o propio tribunal, por tanto, este centro directivo

### RESOLVE:

Primeiro.-Publicar as puntuacións obtidas polos aspirantes das categorías de facultativo/a especialista de área de análises clínicas, facultativo/a especialista de área de aparello dixestivo, facultativo/a especialista de área de farmacia hospitalaria, facultativo/a especialista de área de medicina física e rehabilitación, facultativo/a especialista de área de microbioloxía e parasitoloxía e odontólogo/a de atención primaria de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, dos diversos procesos selectivos convocados polas diversas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro), nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na súa páxina web [www.sergas.es](http://www.sergas.es).

relativas á baremación provisional da fase de concurso, nas distintas epígrafes e a valoración total, indicando, ademais, se for o caso, a relación de aspirantes excluídos da fase de concurso por non presentaren a documentación requirida ou por non cumpriren os requisitos da convocatoria.

Segundo.-Abrir o prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para que os interesados poidan presentar, de ser o caso, reclamación contra a puntuación outorgada nesta baremación, dirixida expresamente á Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2010.

Esperanza Fernández Lago  
Directora de Recursos Humanos

